


Xerencia

UNIVERSIDADE DA CORUÑA



1989  
2014



UNIVERSIDADE  
DA CORUÑA

NOTA INTERIOR	
De:	Xerencia
Para	Vicexerencia Coruña Servizo PAS Servizo Investigación: Xefa do Servizo Negociado de Contratos Negociado de Bolsas e Axudas Propias
Asunto:	Instrución de 22 de outubro de 2014 de Xerencia e a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia
Data:	5 de novembro de 2014

Achégolle para o seu coñecemento e efectos a Instrución de 22 de outubro de 2014 da Xerencia e a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia da UDC pola que se reorganiza a distribución de tarefas entre o Persoal de Administración e Servizos (PAS) adscrito ao Servizo de Investigación (SERIN).

O xerente

Juan M. Díaz Villoslada

INSTRUCCIÓN DE 22 DE OUTUBRO DE 2014 DA XERENCIA E A VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE REORGANIZA A DISTRIBUCIÓN DE TAREFAS ENTRE O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS) ADSCRITO AO SERVIZO DE INVESTIGACIÓN (SERIN)

O Consello de Goberno da Universidade da Coruña aprobou o 28 de febreiro de 2013 unha relación de postos de traballo de PAS, na que se inclúe a Sección de Persoal e Axudas Propias (SPAP) do SERIN. Dita sección conta con dous negociados, o de Contratos, con dous postos, e o de Bolsas e Axudas Propias, con outros dous. Esta distribución leva aparelado un reparto de tarefas que estaba razoadamente xustificado até hai poucos anos, pero que a día de hoxe é difícil de soste, ante o descenso continuado no volume e diversidade das axudas propias, e o aumento por contra da complexidade da xestión das axudas e programas destinados á incorporación de recursos humanos de I+D+i.

A presente instrución ten por obxecto reordenar o reparto de tarefas entre os dous negociados da SPAP, o que redundará nun mellor servizo á comunidade universitaria.

En consecuencia dispónse o seguinte:

**1. Ámbito de aplicación**

Os procedementos contidos na presente instrución son aplicables ao PAS con destino na SPAP-SERIN, dependente da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

**2. Procedemento de xestión de contratos de I+D+i**

O negociado de Contratos ocuparase do persoal contratado ao abeiro de programas para a incorporación de recursos humanos en I+D+i, de ámbito autonómico, estatal e mesmo internacional, se o houber. O negociado de Bolsas e Axudas Propias encargarase da xestión de todos os demais contratos, vinculados a proxectos, convenios e outras axudas á I+D+i (capítulo VI).


A Coruña, a 22 de outubro de 2014

O XERENTE,



Fdo. Juan Manuel Díaz Villoslada

O VICERREITOR DE INVESTIGACIÓN  
E TRANSFERENCIA



Fdo. Ricardo Cao Abad